Galicia Encantada



ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

NOVAS / INICIATIVAS

Iniciación á regueifa e á recompilación de Tradición Oral

Cuarto ciclo do Obradoiro de Narración Oral en Lugo: "Iniciación á regueifa e á recompilación de Tradición Oral"

Imparten: **Josiño da Teixeira**, **Xurxo Souto**, **Isidro Novo** e **Antonio Reigosa**

Inscricións: Gratuíta, do 15 ao 25 de setembro de 2015, no Rexistro Xeral do concello de Lugo (Ronda da Muralla, s/n).



Organiza: Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG.

Patrocina: Concellaría de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo.

Lugar: Centro Social Uxío Novoneyra (rúa Quiroga Ballesteros).

Duración: 26 horas / 12 sesións semanais de 2 horas e 10 minutos cada unha.

Prazas: 25 (maiores de 15 anos). Adxudicaranse por orde de inscrición, tendo preferencia os alumnos/as asistentes aos 1º, 2º e 3º ciclos do Obradoiro de narración oral.

Calendario: Os martes

29 de setembro.

6, 13, 20 e 27 de outubro.

3, 10, 17 e 24 de novembro.

1 e 15 e 22 de decembro.

Horario: de 18 a 20:10 horas.

Contidos:

• Iniciación á regueifa, por **Josiño da Teixeira** (4 sesións).

• Iniciación á recompilación de mitos, lendas, contos e sucedidos de Lugo, por **Isidro Novo** e **Antonio Reigosa** (6 sesións).

Realizaranse entrevistas en vídeo e audio en diferentes lugares e con diferentes portadores co obxectivo de gravar, conservar e difundir o noso patrimonio oral. Preparación dunha ficha técnica e dun diario de campo, así como de cuestionarios temáticos.

Crearase un blog ou web onde se irán publicando os materiais recompilados (audios, vídeos…), debidamente inventariados, transcritos e editados.

• Clase maxistral, con **Xurxo Souto**.

Achegarános ás historias da tradición oral do mundo do mar.

• Sesión final, coordinada por Antonio Reigosa e Isidro Novo.

Aberta ao público, e na que se representarán exemplos de patrimonio oral.